



## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 16 DE NOVEMBRO DE 2015**

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaioito horas e dez minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidade.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, alcalde de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvarino Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Benito Manuel Vega Fernández, representante do concello de Valdoviño.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Vázquez Fernández, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Por unanimidade das persoas asistentes acórdase aprobar a acta da sesión de 19 de outubro

### **2. Proposta de adxudicación do contrato do servizo de xestión de residuos voluminosos.**

De conformidade coa proposta que eleva a Mesa de Contratación e cos pregos que rexen o contrato, as persoas asistentes acordan por unanimidade adxudicar á empresa Reciclaje de Inertes del Noroeste S.L., con C.I.F.: B-15625734, o contrato do servizo de xestión de residuos voluminosos polo importe de 77,00 €/tm. sen IVE, 84,70 €/tm. IVE incluído.

### **3. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.**

Beatriz Sestayo e Luis Alcalá informan sobre o proxecto piloto de xestión compartida do servizo de casa de acollida presentado á convocatoria Premios Coopera 2015, documento que será remitido aos membros do Pleno.

Respecto aos proxectos subvencionados pola Deputación da Coruña, o xerente informa de que o luns 30 de novembro no polideportivo O Ramo de Fene terá lugar unha actividade de deporte inclusivo con participantes das escolas deportivas mancomunadas e alumnado do CEIP O Ramo. Luis Alcalá informa tamén de que na recente reunión da rede comarcal de técnicos de emprego acordouse propoñer a presentación á convocatoria de subvencións da Deputación para o ano 2016 un proxecto para analizar e impulsar o emprendemento no sector primario.

O xerente informa de que foi recibida unha proposta dunha empresa especializada para a instalación de desfibriladores e a creación de "espazos cardioseguros". Tralas oportunas deliberacións, as persoas asistentes acordan que a través da xerencia se concreten as necesidades de cada concello co fin de lograr unha economía de escala.

En relación cos proxectos turísticos da Mancomunidade, o xerente propón que se celebre un acto para a presentación destes proxectos anterior a FITUR e dirixida aos concellos e ao sector



turístico de Ferrolterra. As persoas asistentes acordan que se programe este evento entre os días 21 e 23 de decembro.

Ao fin deste asunto, a proposta do alcalde de Ares, acórdase solicitar que cada concello designe ao persoal técnico oportuno para concretar a viabilidade dunha fórmula de colaboración supramunicipal en materia turística, para poder avanzar no acordado na reunión de 14 de setembro.

#### 4. Rogos e preguntas.

Os representantes municipais exponen as situacións provocadas pola vespa velutina nos respectivos concellos, e o alcalde de Ares propón denunciar o feito de que se trata dunha competencia autonómica.

En relación coa creación dun xulgado de familia en Ferrol, acórdase que o Presidente da Mancomunidade se reunirá con Alfonso Rueda Valenzuela e co Presidente do Tribunal Superior de Xustiza.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezaioito horas e cincuenta minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo: Leopoldo Moure García